

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL PARA A PROMOCIÓN, DINAMIZACIÓN, DIFUSIÓN E COORDINACION DA ESTRATEXIA DE TURISMO DA EURORREXIÓN GALICIA – NORTE DE PORTUGAL**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa **Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal** (en adiante AECT) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten como obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a AECT para a promoción, dinamización, difusión e coordinación da Estratexia de Turismo da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Entre os obxectivos básicos establecidos no artigo 2 dos seus Estatutos atópanse a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora da



competitividade das empresas turísticas e a mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional.

O artigo 9 dos devanditos Estatutos, establece as funcións e competencias que ten atribuídas para acadar os citados obxectivos, entre as que se establece a planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma, o desenvolvemento e xestión de plans integrais de turismo, e o aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade que lle permitan acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** A AECT ten como obxectivo facilitar e fomentar a cooperación territorial entre os seus membros, a Xunta de Galicia e a CCDR-N, superando as expectativas en diferentes niveis, onde a súa principal preocupación é a de desenvolver e proporcionar colaboracións, creando así vínculos de unión en diferentes áreas de actuación.

Pretende con iso, promover e valorizar a competitividade do tecido empresarial a través do coñecemento e da innovación, potenciar e racionalizar os equipamentos básicos transfronteirizos e aumentar a cohesión social e institucional da Eurorrexión.

**Terceiro.-** a Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, considera de interese xeral para Galicia e especialmente para o sector turístico, unha adecuada divulgación entre a poboación do Ano Santo Xacobeo que constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

as dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar mediante a promoción, dinamización e difusión da Estratexia de Turismo da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, o reforzo das relacións entre as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galicia, e as institucións políticas, económicas e culturais portuguesas, intensificar a colaboración e aproximación coas distintas asociacións públicas e privadas, en especial as asociacións portuguesas do Camiño de Santiago, así como cos concellos e entidades rexionais de Galicia e de Portugal e a dinamización de accións conxuntas, turístico-culturais pero tamén nos demais ámbitos entre Galicia e Portugal, así como do fomento e a cooperación e integración entre os actores do sector turístico interrexional.



**Cuarto.-** A Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía establece que deberán ser promovidas as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego

**Quinto.-** Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio, como medidas encamiñadas á reactivación do sector turístico así como do fomento e a cooperación e integración entre os actores do sector turístico interrexional. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a AECT a única entidade que poden desenvolver o seu obxecto ao ser o único axente dinamizador e de interconexión para a Eurorrexión.

Por todo o exposto, as partes formalizan este convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

